

Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de Facultativo/a especialista de área, na especialidade de Medicina Interna

Parte común.

Tema 1. A Constitución española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración oública galega.

Tema 3. A Lei Xeral de Sanidade: fundamentos e características. Competencias das Administracións Públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: o sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: réxime de provisión e selección de prazas.



Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

Parte específica.

Tema 1. Coidados paliativos e ao final da vida.

Tema 2. Desnutrición e valoración nutricional.

Tema 3. Abordaxe dos/das pacientes con enfermidades crónicas complexas e pluripatolóxicos.

Tema 4. Trastornos do ritmo. Bradiarritmias. Taquiarritmias supraventriculares. Arritmias ventriculares.

Tema 5. Insuficiencia cardíaca: etioloxía, diagnóstico e tratamento.



Tema 6. Valvulopatías: estenose aórtica, insuficiencia aórtica, estenose mitral, insuficiencia mitral.

Tema 7. Cardiopatía isquémica: síndrome coronaria aguda sen elevación do ST. Infarto agudo de miocardio con elevación do ST.

Tema 8. Miocardiopatía dilatada. Miocardite.

Tema 9. Enfermidades do pericardio.

Tema 10. Hipertensión arterial.

Tema 11. Asma bronquial.

Tema 12. Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.

Tema 13. Pneumopatías intersticiais.

Tema 14. Trombose venosa profunda e tromboembolismo pulmonar.

Tema 15. Enfermidades da pleura: derramo pleural.

Tema 16. Trastornos da glándula tiroides: hipotiroidismo e tirotoxicose.

Tema 17. Trastornos da córtex adrenal: síndrome de Cushing, enfermidade de Addison, Feocromocitoma.



Tema 18. Diabetes mellitus. Hipoglicemia.

Tema 19. Trastornos do metabolismo das lipoproteínas: hipercolesterolemia.

Tema 20. Hemocromatose.

Tema 21. Enfermidade ulcerosa péptica e trastornos relacionados.

Tema 22. Trastornos da absorción intestinal.

Tema 23. Enfermidade inflamatoria intestinal.

Tema 24. Enfermidade hepática alcólica.

Tema 25. Hepatite aguda vírica, hepatite tóxica e por fármacos. Hepatite crónica.

Tema 26. Cirrose e as súas complicacións.

Tema 27. Pancreatite aguda e crónica.

Tema 28. Valoración do/da paciente con enfermidade neurolóxica.

Tema 29. Confusión e delirio.

Tema 30. Enfermidade cerebro-vascular.

Tema 31. Demencia.



Tema 32. Infeccións respiratorias baixas: bronquiectasias infectadas, pneumonía adquirida na comunidade, pneumonía nosocomial, pneumonía necrotizante, absceso de pulmón, empiema pleural.

Tema 33. Infeccións biliares, abscesos hepáticos.

Tema 34. Infeccións urinarias.

Tema 35. Infeccións de pel, músculo e tecidos brandos.

Tema 36. Artrite infecciosa.

Tema 37. Endocardite infecciosa.

Tema 38. Infeccións do sistema nervioso central: meninxite, encefalite e infeccións supurativas focais.

Tema 39. Sepsis e shock séptico.

Tema 40. Tuberculose.

Tema 41. Sida: manifestacións clínicas e diagnóstico.

Tema 42. Síndromes vasculíticas.

Tema 43. Polimiosite e dermatomiosite.



Tema 44. Esclerodermia e enfermidade mixta do tecido conectivo.

Tema 45. Síndrome de Sjögren.

Tema 46. Lupus eritematoso sistémico.

Tema 47. Sarcoidose.

Tema 48. Insuficiencia renal aguda.

Tema 49. Enfermidade renal crónica.

Tema 50. Valoración diagnóstica e tratamento das alteracións electrolíticas: hipernatremia, hiponatremia, hiperpotasemia, hipopotasemia, hipercalcemia e hipocalcemia.

Tema 51. Alteracións do equilibrio ácido-base.

Tema 52. Síndrome anémica, diagnóstico diferencial. Anemia ferropénica. Anemia megaloblástica. Anemia hemolítica.

Tema 53. Fármacos antiplaquetarios e anticoagulantes.

Tema 54. Enfermidades das células plasmáticas. Amiloidose.

Tema 55. Cancro metastásico de orixe descoñecida.

Tema 56. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferenciada. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde

Nota:

Parte común: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 2 de xullo de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área (Diario Oficial de Galicia núm. 128 de 7 de xullo).

Parte específica: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 19 de setembro de 2016, pola que se aproban os temarios da parte específica que rexerán nas probas selectivas para o ingreso como persoal estatutario fixo de diversas categorías de persoal licenciado sanitario e de xestión e servizos deste organismo (Diario Oficial de Galicia núm. 185 de 28 de setembro), agás o tema 56 engadido, que procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 2 de xullo de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área (Diario Oficial de Galicia núm. 128 de 7 de xullo).